

Os xigantes vivían no Carballo que quedou atrapado por un muro que os deuses lles construíron dende fóra, os xigantes derrubaron o muro e fóreronse; agora o Carballo minifundiado habitano os deuses, e o que denantes fora terra pricurada agora é unha matogueira (a lei da fraga).

I. FÓRA DO MURO

Roto o fío que separa a realidade
da realidade que alimenta á realidade,
o máxico convértese en real
traspasando o tempo;
igualando o espazo co cosmos
facendo inalterable o espazo,
que aínda tapiado
permanece incólume.

Tras a parede que habita o trasgo
hiberna silencioso ,
fecundando o seu futuro
dentro do muro vainos pasar
son prancha de xeo,
baleiros que van e veñen como tollos
cando ninguén ama a ninguén.

Sen rosas nin caraveis
non hai nada que ula ou respire,
son inanimadas pedras sen luz
e aínda que non sempre estiven encarcerado;
xamais fun libre
nos breves momentos de liberdade que tiven,
viaxei ao futuro sen ideas
para retornar ao pasado sen luz.

O muro impasible oculta os xigantes
e sen eles o bosque deu acubillo aos deuses,
e o mar aos xigantes
dende fóra os deuses construíronles muros;
primeiro escureceron a realidade
para finalmente tapar o sol.